

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO da contratación dos servizos de vixilancia e seguridade das instalacións de Cedro e UBAS.

1. Entidade adxudicadora: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Benestar Social. Número de expediente: 149.705-301.

2. Obxecto do contrato: a prestación do servizo de vixilancia tanto das persoas usuarias como dos/das traballadores/as de Cedro e UBAS (Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello) e das súas instalacións. No caso de Cedro, incluírá tamén o mantemento do sistema de seguridade antiintrusión e antiincendios.

Lugar de execución: Concello de Vigo.

Prazo de execución: catro (4) anos. Prórroga: dúas (2), dun ano de duración cada unha.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 240.162,55 euros. IVE para soportar pola Administración: 50.434,13 euros. Orzamento total: 290.596,68 euros.

5. Garantías exixidas: a) Provisional: non se exixe. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE). c) Complementaria: non se exixe.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante); teléfono (986) 81 01 48; fax: (986) 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata sete (7) días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

CVE-DOG: bskzkzc1-kau4-bf93-jbw7-gtdbtcmppq42



7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: consideraranse con solvencia económica e financeira os licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: considerárase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. Presentación de ofertas: prazo: o prazo rematará o día 18 de abril de 2018.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día do prazo.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: véxase o punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Páxina web para a obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 2 de marzo de 2018

O alcalde
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)
David Regades Fernández
Concelleiro delegado de Contratación

CVE-DOG: bskzkzc1-kau4-bf93-jbw7-gtdbtcmppq42

